

A NACIÓN GALEGA

Da cousa autonómica

Por FILGUEIRA VALVERDE

PERDA DE TEMPO I-ENERXIAS

III.—DA CULTURA

Un pobo en acto tende a súa perfección polo cultivo da personalidade. Así un pobo crea unha cultura.

Agora que se debate a definición da cultura nos outos circos da intelectualidade, cando se manexa a verba cultural en todol-os estratos populares compre refacer o concepto sobre a base firme das personalidades nacionais. Coido que se torce de cote o seu senso, levándoo a un terreo persoal, como se o home fose un ser isolado, ou dotándoo de un senso de caste, como si a humanidade non estivese formada de todo un complexo de estados sociais.

Duas aproximacións ao concepto de cultura das derradeiramente dados poden ensamblarse arredándose do persoal e levándose cara o nacional: o concepto de Nostiz e o concepto de Unamuno. Pra Nostiz no horizonte da cultura se ve o seu perfeccionamento coa creación da nación, coa creación da personalidade da nación, coa creación da personalidade da nación, coa creación da personalidade da nación. Se nos recabamos a nosa liberdade é precisamente pra non nos trocar nun pobo de salvaxes. Ao salvaxismo chégase pol-a escravitude do espírito, e pol-o colonialismo tamén.

Si irrogamos a liberdade do espírito galego é pra refacer a nosa historia. Si queremos refacer a nosa historia é porque temos unha historia que refacer, é perdóese o xogo das verbas. Unha hestoria que non arreda senón que acaroa ao espírito de Europa. Pra ir de novo cara Europa é pra o que que remos vivir a nosa historia, como no século IV, como no século XII, anque haxa Itacios nos concilios, anque as vías estén entorpecidas de salteadores. Como cantou Pondal temos unha misión hispánica na nosa marcha. Sabemos con Gracián que Hespaña ten virtude e risco na diversidade das súas nacións. E guianos un amor que é como un anxeo de pacífica conquista.

O esforzo cultural de un pobo expresará, como dixo Masaryk, a orixinalidade e o carácter da nación mesma, e virá xunguido a mesma educación do pobo pra a formación da súa personalidade.

Este ideal, esta obra común de creación, de melloramento, mesmo de rexurdimento de unha cultura, en total-as súas manifestacións, será precisamente o que mellor poida dotar a un pobo da unidade de idea e de vontade que determina a prena posesión da súa concencia.

Sinalo a precisión de un ideal integral de cultura, de propia cultura. Todo pobo tende a realizar un soño lingüístico un pran económico, un determinado estado social, unha conquista, ou mellor o espallamento de unha fé. Pero o ideal cultural abrangue todos, porque como degoiro de perfección, esténdese a todol-os ordes da vida, dende a cultura do corpo á liberdade do espírito, dende a mellora da vivenda á moralidade da política, dende as abirtas das leiras ás torres das catedrales.

Cando o pobo sinte este degoiro de perfección, estimulado pol-a fé nos propios destinos, pol-a coñecencia íntima da propia realidade, refórzanse os vencellos que ligan a colectividade, que se nos amosra fundida nun mesmo degoiro e n unha mesma pasión. Así, lógrase o que se chama a unidade da Patria, non a unidade valeira dos que coidan que a estrutura dos estados é indestructible, senón a unidade de acción e de disciplina que dentro da mesma vida «colectiva» crean o cultivo común dos propios valores, a arela compartida do ben común.

Estas culturas nacionais, dos pobos con vida de seu son as que verteron na cultura universal as grandes creacións do arte, os grandes exemplos da vida, as direccións fundamentais da hestoria. Non son os grandes Estados, nin os grandes señores, nin mesmo os grandes artistas ou os grandes literatos, son os pobos os que forman as poderosas individualidades, e a riqueza espritoal das co-

lectividades humanas encarnada en xenios nacionais.

Si Galicia é un feito, e como tal feito, como creación, rebasa as lindes da nosa vontade —como as rebasou a nosa nacencia— non pode deixar de cumprir o deber de cultivar a personalidade que de este feito da súa existencia deriva. Cando falamos de «unha cultura galega» facemos confesión da nosa fé en que Galicia é un pobo, recoñecemos a súa capacidade de creación e de perfección.

É unha obriga común a de refacer a nosa cultura. Namentras a cultura galega sexa un todo orgánico da cultura dos outros pobos, namentras nos liguen aos demais homes vínculos de solidariedade temos dereito a «ser nós mesmos».

Todo razoamento contra galegitude sería lexítimo si Galicia, recobrada a súa cultura, revivida a súa personalidade, se trocara, non nun orgao da humanidade, senón nunha rama desgaxada do tronco, é dicir, nun pobo de salvaxes.

Si nos recabamos a nosa liberdade é precisamente pra non nos trocar nun pobo de salvaxes. Ao salvaxismo chégase pol-a escravitude do espírito, e pol-o colonialismo tamén.

Si irrogamos a liberdade do espírito galego é pra refacer a nosa historia. Si queremos refacer a nosa historia é porque temos unha historia que refacer, é perdóese o xogo das verbas. Unha hestoria que non arreda senón que acaroa ao espírito de Europa. Pra ir de novo cara Europa é pra o que que remos vivir a nosa historia, como no século IV, como no século XII, anque haxa Itacios nos concilios, anque as vías estén entorpecidas de salteadores. Como cantou Pondal temos unha misión hispánica na nosa marcha. Sabemos con Gracián que Hespaña ten virtude e risco na diversidade das súas nacións. E guianos un amor que é como un anxeo de pacífica conquista.

**Galegos, en pé!
Contra os enemigos de
fora, contra os traidores
da casa, salvemos a
nosa Terra!**

GALEUZCA

A xente empeza a comprender o que esta verba significa. Despois do primeiro momento de ataque a cegas, pensando que era cousa que en dúas palabras estaba desfeita, comenzan agora a medir toda a súa importancia, todo o peso da súa forza contra os poderes asoballadores da nosa independencia. Xa se sabe que se trata de algo máis fondo que isa cousa de Estatuto, que, despois de todo, non é nada de coitado, porque, con il e sin il, quen manda mandaría.

Sobre todo desde que periódicos como o «Berliner Tageblatt», «Telegraas», o «Petit Parisien», «Il Citadino», «The Thimes» e outros deron a ista alianza todo o valor que ten, a xente séntese desacougada. A xente enemiga das liberdades dos pobos, os traficantes en patriotismos.

A cada paso está chamando a atención dos poderes públicos. Non lles parecêu ben porque o Gobernador de Barcelona non meteu na cárcere, ao menos sesenta ou oitenta.

En fin: que están que rabeán. Pero que rabeán. E que non teñan presa porque aínda falla o millor.

Xa non nos referimos aos enemigos da Autonomía. Non falamos xa dos farsantes que un día se embarcaron na empresa autonómica co intento de facela fracasar. Ises están xa ao descuberto. Ninguén pode abrigar dúbidas sinceiras encól das súas intencións. Baixo o punto de vista que imos escribir istas liñas, non nos intresan. Son enemigos nosos, enemigos da nosa autonomía, enemigos de Galicia. Como a tales, tan só nos resta combatil-os, sacando ás prazas a súa traición.

Aquí referímonos aos nosos, aos que, dentro ou fora do Partido Galeguista, sinten os máis limpos degaros de liberdade para a nosa Terra. Aos que sinten en toda a súa pureza as doutrinas nacionalistas i-en todol-os momentos da súa vida as non souperon nunca esconder baixo ningún concepto. A ises van dirixidas istas verbas, que quizaves non señan unha acusación —porque aínda non supomos mala fé nos que as motivan— pero que veñen a pôr o dedo n-unha frida que hai tempo se ven abrindo no corpo vivo do nacionalismo.

É preciso que ninguén se dea por desentendido.

Soú para os nacionalistas galegos a hora da máisima fé, do máisimo afinamento nos seus idearios. Por enriba das loitas desesperadas dos sempiternos enemigos da autonomía—que debéramos aproveitar coma mellores aliados—; por enriba do confusionismo procurado dos traidores das liberdades do noso Pobo, nós deberíamos ir sós —sempre sós— en busca do que nos compre, percurando o conqerimento das nosas arelas, sin esperar nada de ninguén. Isto din que é impolítico. Impolítico para qué? En que circunstancias? Si chamamos política ao enrolamento nas vellas manganchadas eleitoreiras, nós debemos ser impolíticos porque nós non debemos ir nunca en manganchada solidaria con quen non pense coma nós, con quen é noso enemigo; non deixándonos nunca engaiolar infantilmente pol-a univocidade dos tēmos que cada un entende á súa maneira. Isto é tan claro que non vemos quen poida pensar o contrario con sinceridade.

A nosa política non é ista. Nós debemos entender ista verba no seu máis profundo senso. Nós debemos aspirar a botar unha presa de sal en cada concencia, para limpá-las de todol-os encoiramentos enrebellidos baixo os que dormen a súa modorra de séculos. A nosa misión precisamente é acabar co isa política que non falla quen nos recomende. Non. Nós temos que ser impolíticos. Que non sacamos máis que dous concexales? Mellor. Quizaves conviñera que non saise ningún.

Con isa concencia clara e outa da nosa misión cómo se explican tantos titubeos, tantas timideces tantos rodeos nas verbas e nos xestos, tantos supeditamentos absurdos, tantos despistamentos e indecisións, e, consecuencia de todo isto, ise eterno dialogar sobre o que non debiera importarnos, ises bizantinismos retoricistas con que nos xornáes i-en toda banda se anda á buscar tiquis miquis en que pasar o tempo, cando non con qué disimular a falla de fé, e a cobardía máis íntima.

Isto é o que non poderá nunca consentirse: que os verdadeiros autonomistas pasen o tempo en pequenos diálogos caseiros, seguindo o módulo gastado dos vellos partidos españoles, amoldándose a vellas raposeirías de política gastada.

A nosa política creámol-a nós, por enriba de total-as políticas. Ista é unha verdade da que temos que convencernos. A nosa política creámol-a indo ao pobo e despertándoo no intre en que pretenden roubalo á traición. Que non desperta ao primeiro berro? E iso que importa! Sería porque non berramos abondo. Voltemos a berrar, e berremos máis forte, e berremos sempre. Unha vez despertará. E d-aquela teremos xa unha política. Unha política nova. E unha política auténtica.

Mais hasta que chegue isa data só nos toca loitar. E loitar con fé e sin desmaio. Sin pararnos nunca a recontar o que levamos feito, sin que nos preocupen nunca os froitos inmediatos. Unha verba é semente que pode nacer aos mil anos. Porque vamos a perder a fé si non xermola aos

De novo sobre o Tratado co Uruguái O recanto da muller

PROIECTOS

UNHA NOVA PROTESTA COMO SE BADÚA EN CONTRA NOSA

Ainda siguen as protestas contra iste Tratado que o Goberno vai prolongando, contra os apremios do Uruguái, precisamente porque pensa axustalo, i-está agardando xustamente un intre en que a xente esteña desporcatada para consumir ise atentado contra a economía do País. Derradeiramente en Xixón celebróuse unha magna asamblea na que se acordóu en primeiro lugar a oposición máis rexa a iste Tratado, ruinoso para toda a ganadeiría hespañola, pol-a torpeza que significa neste momento en que precisamente se deberá tratar de protexer por todolos medios, por ser unha das primeiras fontes da riqueza nacional, a menos explotada de todas e a que en máis abandono se veu tendo hasta ista data en que se pretende fundir torpemente.

Mais hoxe vamos referirnos a outro aspecto do problema.

UN ARTIGO

Fai días que apareceu no «Pueblo Gallego» un artigo do deputado andaluz Sr. Díaz del Moral. Nun número diste xornal contéstouelle a ise señor.

Nós queremos-o facer tamén, anque o artigo é algo tan feble, tan lixeiro, que non pode ser máis, sin que mereza tomarse moi en serio, xa que está moi lonxe da seriedade e ponderación con que os problemas dun pobo merecen ser tratados. Un problema coma o presente, que en canto chegou á conciencia dos pobos produciu verdadeiros momentos de anguria, non admite ironías de ningunha cras, nin entrecomillamentos nin xaqueras xerezanas, inda que veñan envoltas en formas de extrema cortesía.

Isa aitude é doblemente absurda cando as razóns con que se combate a nosa posición son d-unha inconsistencia tan pueril coma as aducidas por iste señor, que supoñen un desconocemento tan ridículamente inxenuo da nosa cuestión.

Todo o artigo se reduce a decir: 1.º Que o presente Tratado non favorece o contrabando, antes que o suprimirá e que non e argumento nin en pro nin en contra da cuestión que se debate. 2.º Que a depreciación sufrida pol-a nosa ganadeiría, non é debida ao Convenio anunciado do Uruguái senón máis ben, á lexislación aínda vivente que, conforme ao Convenio de 1870 permite isa competencia que se estima ruínoza, e da cual son responsabres igualmente Uruguái, Arxentina, o Brasil e demáis países exportadores. E 3.º Que a solución do problema está en elevar a columna segunda do Arancel para as importacións extranxeiras co que se lograría a ineficacia diste Tratado, que convén realizar porque concederá ás nosas importacións categoría de artigos de primeira necesidade, con unha rebaixa do Arancel para as mesmas, por haberse de pagar a cuarta parte dos dereitos de importación, non en ouro, como denantes, sinón en moeda corrente.

Por todo isto o Sr. Díaz del Moral cree perfectamente asegurados os problemas gandeiros hespañoles, deducindo que os argumentos aducidos en contra, e que il xuzga perfectamente triturados, cando nin siquiera os rozóu s-ó teñen a categoría dun «tenor», baseado n-unha «profecía»; —todo entrecomillado con segura e pedantesca satisfacción— e que espera «novos» argumentos, porque estes non lle chegan a nada.

MEDIA RESPSTA

Nós non lle vamos a dar hoxe ises argumentos, porque nós non debemos encargarnos de facelo. E sobre todo porque veríamos como se tén abondo cos que il cree xa desbaratados.

Examinémos os á lixeira, como ten que facelo unha persoa que sin estar ao tanto da entraña dos problemas económicos dos pobos, comprende con todo as sofistérias que

se pretenden meter de matute nistas cuestións.

Pol-o que se refire ao primeiro punto do artigo do Sr. Díaz del Moral debemos decir, en primeiro lugar, que nós non discutimos si o Tratado favorece, ou non o contrabando. O que decimos e que si co contrabando sufriu unha forte depresión a nosa ganadeiría, cando iste coexista co Tratado —e non hai ningunha razón que permita supór o contrario— a depresión será dobre, pol-a nova cantidade de carne que legalmente entrará en Hespaña, e pol-o efecto depresivo na valoración dos nosos productos que isa competencia autorizada, tén que operar.

Istes poden ser «temores» fundados en «profecías». Pero istas profecías son tan claras que as podé facer o zapateiro de enfrente, inda que o Sr. Díaz del Moral as non comprenda; e os «temores» fundados nelas son tan fundados, por conseguinte, que só nun caso de anormalidade suicida, puideran ollarse con indiferencia nos pobos que os sinten. Iste é o caso. Si aumenta co tratado o contrabando é cuestión que aínda non discutimos nin nos fai falla, mentras estamos seguros, que permanece, que é o que basta para que ista disposición do Goberno, resulte doblemente perxudicial. Tiñamos razón de abondo para apórnos ao Goberno por permitir ise contrabando. Non cremos que ningún o discuta. Cómo non vamos a tel-a agora para opórnos ao Tratado, que ven a centuplicar os perxucios que aquél irrogóu a nosa economía?

E se isto é así, quén dí que a nosa argumentación non é perfectamente lexítima? Só con sofismas se nos pode sair ao paso. E iste artigo do Sr. Díaz del Moral, con toda a súa suficiencia, con toda a súa petulancia, non é máis que iso.

O segundo puntal da argumentación do señor Díaz del Moral é pol-o mesmo estilo, senó é peor. É ridículo botarlle a culpa da depreciación da carne galega a un Convenio de 1870. É tantamente inxuriante ademáis, porque nos supón memos, pois só á memos se lles supón decir esas cousas. A ningún se lle ocorre que un Convenio de 1870 veña a perxudicar, s-ó neste intre, e non hai 10 ou 12 anos, á nosa ganadeiría.

É, por outra parte, dunha parva puerilidade, suma pretender que a alarma encol diste Tratado non ten como consecuencia lóxica unha depreciación inmediata nos artigos ameazados.

E agora ven o mellor do artigo. Ise 3.º punto en que nos propón a solución do problema con unha cándida seguridade de home afeito a desfacer todolos anoamentos gordianos. Todo consiste en elevar a columna segunda do Arancel para as importacións extranxeiras. Isto é unha cousa moi doada. Póden-o decir os señores da Conferencia económica de Londres. Non hai máis que decilo e xa está.

Parece mentira que homes da solvencia do Sr. Díaz del Moral se atrevan a tocar iste punto que é un dos osos máis duros para os grandes economistas, coa irresponsabilidade con que il o fai.

Isto aparte, inda que o que se propón puidera realizarse, a cuestión quedaría en pé. Podeu o Uruguái consentir que así se burlase a razón de ser diste Tratado que a toda costa pretende realizar en tan ventaxosas condicións para nosoutros, é decir, para os acerteiros andaluces? Qué se responde con sinceridade?

Por fin a secuela de que iste tratado con-

Apenas iniciada ista seición, contamos xa coa firma de algunhas ilustres escritoras que nos prometeron a súa colaboración. Son na súa maior parte galegas, algunha tan coñecida como a ilustre redactora da *Vanguar-dia de Barcelona*, María Luz Morales.

Ista fina estilista está publicando no importante xornal de Cataluña, unha serie de artigos encol de Galicia, fruto do recente viaxe ao vello lar. Temos diante algún distes artigos cheios de finura, tan pulcramente concinados. Por razóns de espacio, non cedemos hoxe á tentación persistente de reproducil-os no noso semanario, non os esquencemos.

Niste mes xa abrigamos a esperanza de poder ofrecer aos nosos lectores aparte distes, algún traballo inédito da esquisita xornalista da nosa Terra, que con tanta xentileza se dina distinguir ao noso semanario. Escribiu expresamente para istas columnas unhas cuartelas encol da muller galega, que fla coñece tan bñ ao traveso da súa i-alma, onde ecoan total-as resoancias da Terra.

De vez, en cando procuraremos tamén unha que outra colaboración de ilustres escritoras de alem-Minho, tan intimamente ligadas á muller galega pol-a perfecta irmandade de espírito.

Pouco a pouco, iremos pñdo todol-os medios para que ista seición teña toda a importancia que merece ter.

Nista mesma seición se recalcóu, coincidentemente, a importancia diste procurar que a muller galega fale, e fale de cousas de que nunca falóu, que é o que nos interesa.

O día en que as mulleres galegas berren en outo isa verdade que hasta agora algunhas dixeron, os seus poemas, nal do vieiro, de ditos bafúos non fale, nosoutros

cede aos productos hespañoles, —ao aceite! — categoría de primeira necesidade, con isa concesión de pagar a cuarta parte dos dereitos arancelarios en moeda corrente, crémos que se nos traí a nosoutros a conto como un sarcasmo, para facer axo de nós.

Isas ventaxas redundarán s-ó en proveito dos aceiteiros andaluces, que tendo dista maneira un mercado casi franco en Uruguái— nosoutros sabemos que iso é un decir, e que iso de *primeira necesidade* referido ao aceite, hoxe substituído en todo o mundo con outros mil productos, é un camelo —poderán vendérnolo por acó ao precio que lles día a gana. E iso é o que nos ofrece o Sr. Díaz del Moral como recompensa.

Inda que nós non tivéramos ningún argumento para apoiar a nosa demanda, prestaríanol-os o Sr. Díaz del Moral coa súa argumentación.

Así se comprenden os nosos problemas; así se nos considera por ises mundos. Castela abaixo e Castela arriba!

Podemos estar agradecidos ao Sr. Díaz del Moral. Si nos guiamos por il, non cabe duda que os nosos intreses gandeiros quedarán ben asegurados. Xa non teremos que temer nada.

Non debemos, por conseguinte abrigar máis «temores». Non temades labregos! Cando a fame chegue aos vosos fogares, o Señor Díaz del Moral ha de baixar a segunda columna do Arancel, e xa está. Xa está!

Que máis queredes?

BANCO PASTOR

CASA FUNDADA NO 1776

CAPITAL SUSCRITO. PESETAS 17.000.000,—
CAPITAL DESEMBOLSADO. » 11.000.000,—
FONDO DE RESERVA Y FLUCTUACIÓN DE VALORES. » 14.073.530,47

CASA CENTRAL: A CRUÑA :: 35 SUCURSAES EN GALICIA

CONTAS CORRENTES CON OU SIN LIBRETA

INTRESES DENDE 1.º DE XULIO DE 1933:
Á VISTA. 2 % ANUAL | A SEIS MESES 3,60 % ANUAL
A TRES MESES. 3 % » | A DOCE MESES OU MÁIS. 4 % ANUAL
CAIXA DE AFORROS. 3,50 % ANUAL

CAIXAS FORTES DE ALQUILER: DESDE 20 PESETAS 0 ANO
COMPRA - VENDA DE MOEDA EXTRANXEIRA :: DEPÓSITO DE VALORES COBRO DE CUPONS E DEMÁIS OPERACIÓNS DE BANCA E BOLSA EN HESPAÑA E NO EXTRANXEIRO

FRANCISCO BARREIRO SALAÑO

PERITO AGRÍCOLA

CAMPO DO GAYO, 14

SANTIAGO

OUXETOS DE ARTE

VAXILLAS DE TODAS CRASES

CASA MARIÑO

OLIVA II E SARMIENTO 3

PONTEVEDRA

IMPERMEABILIZANTES

WATERSTOP

UNICO EFICAZ PRA EVITAR A HUMIDADE E O SALITRE NAS CONSTRUCCIONS

MAIS DE CINCOENTA ANOS DE ESPERENCIA NO SANEAMENTO DE CONSTRUCCIONS E IMPERMEABILIZACION DAS MAIS IMPORTANTES OBRAS HIDRAULICAS

REPRESENTANTES EN TODAL-AS VILAS DE GALICIA

Pida detalles e folletos:

PRODUCTOS WATERSTOP

Axencia xeneral para Galicia: Porta da Pena, 6 :: SANTIAGO